

XAN - XUÑ 2018 NIPO : 003-19-033-6



DESTACADOS

A Unión Europea asina un Acorde Voluntario de Asociación con Honduras no marco do regulamento FLEGT.

EFI-FLEGT, 15/06/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

A Comisión Europea lanza unha consulta pública sobre o alcance dos produtos EUTR.

29/01/2018 – 24/04/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

O apoio de INTERPOL á eliminación dos delitos medioambientais no sector forestal.

21/03/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

MAPA, 05-06/02/2018



NOTICIAS

MAPA, 06/02/2018



Posta en marcha do sistema informático “EUTR” para a presentación das declaracóns responsables sobre madeira comercializada

[LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

MAPA, 16/03/2018



España acada as 2000 licencias FLEGT validadas para o comercio de madeira legal importada desde Indonesia


[LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

España impulsa o Grupo Mediterráneo da Madeira

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal establece as bases, xunto a Portugal, da coordinación mediterránea como ferramenta para combater o tráfico ilegal de produtos de madeira entre os 9 Estados Membros da rexión.

Este Grupo establecécese como un lugar de encontro e intercambio de información co obxectivo de optimizar e coordinar os recursos comúns, establecendo, no seu caso, os mecanismos de control conxunto necesarios para a erradicación do comercio ilícito en todo o Mediterráneo.

Os países que asistiron os pasados 5 e 6 de xuño a esta convocatoria foron: Chipre, España, Eslovenia, Francia, Grecia, Italia, Malta e Portugal, comprometéndose todos eles a continuar con esta frutífera colaboración e establecendo unha periodicidade anual de reunións de coordinación.



Importacións de risco

Alto risco de ilegalidade de aproveitamento da madeira de teca importada de Myanmar.

As importacións, especialmente de teca (*Tectona grandis*), desde este país asiático supoñen un elevado risco de incumprimento das esixencias establecidas no Regulamento EUTR.

Os sistemas actuais birmanos resultan complexos a actores externos e implican riscos para os axentes no momento de demostrar a rastreabilidade da cadea de custodia. O propio Ministerio de Recursos Naturais e de Conservación do Medio Ambiente (MONREC) de Myanmar en **declaración pública** recoñece ese risco, que supón un incumprimento dos requisitos de dilixencia debida do axente de acordo co disposto na normativa EUTR.

Neste marco, a **Axencia de Investigación Ambiental** (Environmental Investigation Agency, EIA polas súas siglas en inglés) xa presentou en 2016 un **informe** sinalando a dificultade de comercializar este tipo de madeira.

Neste contexto, Dinamarca, España, Alemaña, Bélgica, Italia e Países Baixos veñen realizando controis a empresas importadoras, e en todos os casos estudiados detectáronse infraccións do EUTR.

En novembro de 2016, un **tribunal administrativo sueco** ditaminou, por primeira vez en Europa, que unha empresa (Almtra Nordic), importadora de teca procedente de Myanmar, vulnerara as obrigacións EUTR. Segundo os pasos desta histórica sentencia, os diferentes países involucrados na campaña de control resolvieron a paralización das importacións ás empresas avaliadas.

Por todo isto, seguen a desaconsellarse as importacións de teca de Myanmar, tal e como reconeceu o propio **Grupo de Expertos EUTR** da Comisión Europea o pasado 19 de xuño de 2018; sinalouse que, en casos de risco de ilegalidade como este, a normativa esixe que se rastree a madeira ata a rexión de orixe do país de aproveitamento, aportando probas que vaian máis alá da documentación oficial.

Alto risco de ilegalidade de madeira de ipé procedente de Brasil

Dous informes publicados recentemente por Greenpeace revelan fundadas sospeitas de ilegalidade en importacións desta especie procedente de Brasil.

O primeiro informe revela o conflito nos dereitos de propiedade da terra existente, en particular na **zona de Rondonia**, evidenciando a violencia existente na zona e os medios empregados en determinados casos co fin de usurpar as terras para a explotación de madeira.

O segundo informe expón sospeitas de **sobreestimación de densidades de ipé** (*Tabebuia impetiginosa* e *T. serratifolia*) nos inventarios forestais locais, en particular en concesións preto de áreas protexidas.

Diferentes **estudos científicos** confirman a sobreestimación en determinadas concesións brasileiras de especies, entre elas o ipé, especialmente importantes polo seu valor comercial.

Segundo as conclusións do **Grupo de Expertos EUTR** da Comisión Europea, os axentes que importen madeira de Brasil que non proceda de plantación deben tomar medidas de mitigación do risco apropiadas, non baseando o resultado das súas análises de risco únicamente en controis documentais. Nestes casos son necesarias verificacións realizadas por terceiras partes debidamente acreditadas ou probas evidentes de legalidade en orixe.



Traballando para cumplir coa #maderalegal

O MAPA traballa en diferentes niveis co fin de optimizar a efectividade da norma e garantir o respecto das normas forestais, comerciais e sociais asociadas ao consumo de madeira.

Coordinación internacional

- ▶ **Reunión do Mecanismo de Coordinación Bilateral (BCM) UE – CHINA sobre a aplicación da legislación forestal e governo.** 7 de marzo de 2018. Procuramos a mellor maneira de loitar contra a madeira ilegal xunto co xigante asiático. ([Ver](#) información sobre o BCM)
- ▶ **Grupo de expertos de FLEGT/EUTR da Comisión Europea.** Bruxelas, 26 de febreiro, 19 de abril, 20 xuño 2018. Reunións da Comisión cos 28 Estados Membros co fin de unificar criterios de aplicación do regulamento FLEGT e EUTR no seo da UE ([Ver](#) información sobre as reunións do grupo)
- ▶ **Implantación de EUTR polas Autoridades Competentes dos Estados Membros do Mediterráneo.** Portugal-España, Lisboa, 5-6 xuño 2018. Traballando por harmonizar as actuacións de control conxuntas entre os Estados Membros con similares casos en fluxos comerciais.

Coordinación nacional


- ▶ **Grupo de trabajo en materia de loita contra o comercio de madeira aproveitada ilegalmente. DGDRIPF,** Madrid, 24 abril 2018. Reunión do órgano de coordinación para a aplicación harmonizada do control EUTR entre as Autoridades Competentes das comunidades autónomas.



Comunicando para cumplir coa #maderalegal

O MAPA impulsa e participa en diferentes cursos para comunicar as obrigacións no marco de EUTR

- ▶ **Curso legalidade comercialización.** AEIM, 9 de marzo de 2018. Participación MAPA.
- ▶ **Curso Innovación, Legalidade e Sostibilidade da cadea de valor da madeira.** PEFC España, 8 de maio de 2018. Participación MAPA.
- ▶ **Xornada legalidade da madeira comercializada.** PEFC España dentro do programa Emplea, 20 de xuño de 2018. Participación MAPA e Autoridade competente (AC) de Andalucía.
- ▶ **O regulamento EUTR e as obligacións das empresas forestais.** AC Catalunya, 9 de marzo de 2018.
- ▶ **Madeira FSC, EUTR e construcción en Galicia.** FSC, 26 de abril de 2018. Participación AC Galicia.
- ▶ **Xornada sobre EUTR, Dilixencia Debida para Axentes 1 e Axentes 2.** Baskegur, 3 de marzo de 2018. Participación AC País Vasco.





Boletíns de noticias internacionais sobre EUTR


* O contido destes boletíns reflexa a opinión dos seus autores. O MAPA non é responsable do uso que poda facerse da información que conténen.

- ▶ **Notas Informativas da Unión Europea**
Novembro 2017 – Xaneiro 2018 – [Ver boletín](#)
Febreiro 2018 – Marzo 2018 – [Ver boletín](#)
- ▶ **Noticias EUTR – Marzo 2017 a marzo 2018**
Client Earth, 2018 – [Ver boletín](#)
- ▶ **Noticias EUTR: marzo – maio 2018**
Client Earth, 2018 – [Ver boletín](#)

As árbores e a madeira contribúen a que a túa cidade sexa máis saudable e sostible. Desde o @mapagob e as CCAA traballamos para que se cumpra a legalidade da madeira

#maderalegal #EUTR #FLEGT #IntlForestDay #DialInternacionalde losBosques

<https://twitter.com/mapagob/status/976405744089264133>



Más información

https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/Madera_Legal_FLEGT_EUTR/